

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 7 DE AGOSTO DE 2020**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Jonathan I. Miranda Lucas
Alberto Iglesias Fraguela
M^a José Fraguela López
Ana I. Fachal Fraguela
Ana B. Gómez Aneiros
Carmen del Río Fraguela

GRUPO PP:

Ana M^a López Fernández

GRUPO MIXTO:

X. Uxío Cerecedo González

AUSENTES:

José Luís Pérez Pérez
M^a Elisa Rodríguez Cornide

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA ACTUAL:

M^a Carmen Fontela Cobelo

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día sete de agosto de dous mil vinte, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben

ORDE DO DIA:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES:
16/06/2020 E 19/06/2020.**

**2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 48/2020 DE 03/02/20 ATA O 337/2020 DE 03/08/2020**

3°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019.

4°.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES:
16/06/2020 E 19/06/2020.**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ás actas das sesións anteriores, de 16/06/2020 e 19/06/2020, respectivamente, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

A acta de 16/06/2020 é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de Carmen del Río Fraguela, Ana I. Fachal Fraguela e Ana Mª López Fernández, por non asistir á mesma.

A acta de 19/06/2020 é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de Ana Mª López Fernández , por non asistir á mesma.

**2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 48/2020 DE 03/02/20 ATA O 337/2020 DE 03/08/2020**

O Pleno quedou enterado dos Decretos de Alcaldía de referencia.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019.

Visto o ditame da Comisión Especial de Contas de data 16/06/2020, que di:

“Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2019, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como no artigo 212.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal , foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

A Comisión Especial de Contas, por dous votos a favor do grupo municipal do PSdG, e unha abstención do Grupo Mixto, emítase o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: *Informar FAVORABLEMENTE a Conta Xeral do Concello de Cariño do exercicio 2019, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos:*

- Balance de Situación
- Conta do resultado económico-patrimonial
- Estado de liquidación do orzamento
- Memoria
- Actas de arqueo

SEGUNDO: Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quen se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes, os cáles, caso de presentarse, haberán de ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións estímense como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva.

Vista a proposta de Alcaldía de data 04/08/2020, que di:

Vista a Conta Xeral do exercicio 2019, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2019, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

Visto que se remataron os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas deste Concello en sesión celebrada en data 16/06/2020 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2019.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 92, de data 22/06/2020, a Conta Xeral –xuntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que non se formularon alegacións á Conta Xeral.

Esta Alcaldía eleva ao Pleno corporativo, a seguinte proposta de

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2019, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.

SEGUNDO: *Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas”.*

Toma a palabra o portavoz do Grupo Mixto, indica que como xa adiantou na Comisión informativa, que na Conta xeral hai desfases que chaman a atención entre o previsto nos orzamentos e o despois gastado. Explica que no Imposto de Bens Inmóveis que hai un desfase enorme, e que non sabe ben qué pasou, se foi un erro con respecto ao ano anterior, xa que estaba moi por encima do que posteriormente se recadou. Que de IBI urbano as previsións eran de 641.811 € e que despois se recadou arredor de 85.000 euros, ao igual que co Imposto de Actividades Económicas, que se ingresaron 30.000 euros menos co previsto.

Jonathan Miranda explica que esas diferenzas se deben a alteracións do padrón.

Engade Uxío Cerecedo que hai 145.000 euros dunha subvención que se concedeu sen estar prevista, que inicialmente se adjudicou a saneamento no capítulo 6 pero que despois se modificou. Que tamén existe outro desfase de 16.000 euros previstos e que despois se gastaron 43.000 euros máis, na partida de outros traballos realizados por empresas.

Comenta que hai algunhas partidas que se modificaron e que despois que non se gastaron, e que un dato preocupante é que para transferencias a familias e institucións sen fin de lucro, e outros similares, que en total estaban previstos 60.000 euros, e que non se gastou nada. Que non sabe se están incluídas as axudas a emprendedores xa que non existe información de porqué non se sacan.

Que tamén lles chama a atención a partida de promoción cultural, xa que había unha previsión de gasto de 87.600 euros e que sobraron 69.000 euros.

Insiste en que se debería de ter máis previsión á hora de elaborar os orzamentos.

Tamén pon o exemplo de servizos sociais, que había orzamentados 332.000 euros e que sobraron 250.000, e que isto lles parece un pouco alarmante.

Engade que dubidaron entre a abstención e o voto en contra, e que sabendo que os orzamentos son dinámicos, que sen embargo hai que pensalos ben para non caer en estes desfases e non facer tantos trasposos de crédito como se fixo. Sobre todo, que en temas de fomento de emprego e servizos sociais, que son moi necesarios, que hai que ser máis previsores e realizar o gasto.

Ana M^a López toma a palabra, e comenta que a conta xeral sempre se caracteriza pola existencia de desfases entre o que se prevé e o que finalmente se gasta, e que resulta lamentable que existan cartos en servizos sociais e que despois queden sen gastar porque hai xente que o necesita. Pide que se melloren os seguintes orzamentos e que se hai orzamento para determinadas cousas que se utilicen e que se gasten.

Jonathan Miranda explica que hai determinados aspectos no apartado de ingresos que debería revisarse ben, xa que a miúdo se recoñecen padróns ao ano seguinte. E que estas modificacións ás que se refire o portavoz do Grupo Mixto que moitas veces son xeracións de crédito de subvencións que non están previstas no momento de elaborar os orzamentos. E que estas xeracións de crédito resultan

necesarias facelas para tramitar as licitacións, e que por iso, moitas veces, se xenera pola totalidade da obra, pero que non da tempo a licitar todo, incorporándose deste xeito moitas modificacións ao ano seguinte.

Engade que logo está o tema do nome das partidas, que veñen explicadas por programas e subprogramas e que responden ao libro de contabilidade de Facenda, poñéndose en función do criterio da Intervención municipal, e que é frecuente que se inclúan en traballos realizados por outras empresas.

Uxío Cerecedo entende que hai obras que non se revirten nun ano, pero que son montantes bastante importantes de imprevistos.

Jonathan I. Miranda explica a consecuencia como se tramita o POS a nivel orzamentario.

Uxío Cerecedo di que moitas das cousas que explica que as poden entender pero que o que acontece con emprego e asuntos sociais resulta alarmante.

Jonathan Miranda dille que o mirarán con máis calma.

Uxío Cerecedo pregunta porqué non sacaron a subvención de fomento do emprego, ao que Jonathan Miranda resposta que a Intervención se atopa con bastante traballo, e ao que se engadiu o tema de redactar as novas bases.

Uxío Cerecedo insiste en que se trata de un tema importante e que lle digan á Intervención municipal que priorice nos asuntos.

Jonathan Miranda explica que a anterior Interventora que tivo que reorganizar o servizo e poñer ao día as contas e a contabilidade, e que lle levou moito tempo.

Uxío Cerecedo di que este ano que se paralizará todo porque non hai Intervención, e que pide en nome de moitos empresarios e en nome dos que lles votaron, de que se axilien esas axudas, xa que resulta moi necesario que as saquen todos os anos.

Toma a palabra o Alcalde, explica que con respecto ao IBI, que é certo que se trata de un imposto bastante estable, pero que durante os últimos anos houbo unha revisión á baixa do valor do solo en Cariño, e que iso afectou. Que reitera o que dixo en plenos anteriores, que teñen que reunirse toda a Corporación para falar do IBI, xa que prevían que ía existir unha caída. Que baixaron de forma simbólica este imposto de 0,50 a 0,47 pero que é certo que a revisión do valor catastral do solo que baixou moito.

Que tamén inflúe que moitos cartos están na partida de dereitos de cobro pendentes pero que non se poden cobrar xa que moitos construtores están en quiebra ou concurso de acreedores.

Engade que agora mesmo o tipo está no 0,47, e que aínda que se subirá ao 0,52 que non se chegaría a recadar o que se recadaba no ano 2015.

Di que tamén hai que ter en conta que nas obras, cando chega unha subvención, que para sacala a licitación que ten que ser pola totalidade, pero que tamén hai que ter en conta a baixa, e que esa baixa hai que devolvela á Deputación, revertíndose no POS do ano seguinte.

Que o que lle preocupa máis é o malentendido dos 250.000 euros de servizos sociais xa que non o entenden con seguridade, e que teñen que revisalo.

O Pleno corporativo, por sete votos a favor do grupo municipal PSdeGa e dous votos en contra dos grupos municipais do Partido Popular e Mixto

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2019, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.

SEGUNDO: Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Uxío Cerecedo formula as seguintes **PREGUNTAS:**

-Pregunta polas axudas a emprendedores, se este ano se van a sacar.

O Alcalde resposta afirmativamente. Explica que con respecto a este tema o criterio dos distintos Interventores dos Concellos que é diferente, no sentido competencial . E que para paliar isto, dende a Deputación se redactaron unhas bases modelo a nivel provincial, e que se van a inxectar cartos aos Concellos, que nalgún caso pode chegar ata os 65.000 euros, podendo ampliar esa cantidade concedida co xa orzamentado, e o que fixo Deputación foi procurar compatibilizar estas axudas con outras estatais.

Por outro lado, engade que agora mesmo a Intervención municipal está vacante, cuberta por unha funcionaria accidental, xa que hai unha carencia de habilitados nacionais, e que os Concellos de arredor tamén moitos teñen este problema, e que están a mirar como solucionar este tema.

-Uxío Cerecedo comenta o problema de tráfico que existe en Fornos, e que non ten fácil solución.

Que pensaban en se se podía mercar unha finca máis arriba, facer un camiño e abaixo reservar para persoas con mobilidade reducida. Que pensen neste tema, pero que son conscientes que non é fácil a solución. Engade que a estrada de Fornos tamén se atopa en mal estado e que existen desperfectos na rotonda. Tamén indica que igual non é un tema prioritario xa que soamente se utiliza esta zona dous meses no verán.

Alberto Iglesias explica que o ano pasado que se intentou mercar unha finca, e que o tema quedou estancado porque non se chegou a un acordo co propietario, que os problemas de Fornos que son dous meses ao ano pero que hai que solucionarlos. Di que a situación estivo un pouco mellor o ano que colocaron os carteis, que agora hai un problema importante de falta de civismo, e que se permite que pernocten alí as caravanas, pero ata as 12 do mediodía. Que ata as 12 do mediodía non se producen atascos. Engade que se se puideran delimitar os aparcamentos que o espazo sería suficiente, pero que

delimitalo resulta imposible no estado en que se atopa agora, polo asfaltado e a zahorra. E que a solución é a que o portavoz do Grupo Mixto propón.

O Alcalde comenta que sobre Fornos o que teñen que plantexarse é qué volume de xente queren que vaia á praia.

-Despois da obra de Centeás, quedaron restos na finca ao lado da estrada. Pregunta Uxío Cerecedo se eses restos quedan alí.

Alberto Iglesias resposta que eses restos son propiedade da empresa, e que a obra aínda non está recepcionada, xa que teñen que arranxar cousas que deixaron deterioradas e que teñen sen cobrar unha cantidade importante.

-Hai queixas dalgúns veciños de que se ve moi sucio Cariño, e que existe problema no Cabo coas mascarillas que se tiran alí (comenta Uxío Cerecedo).

Alberto Iglesias explica que hoxe limparon o Cabo, e que o tema da limpeza que vai no estado de ánimo da xente, que estiveron dous meses durante o confinamento sen limpar, e que o único que facían era levar a cabo a desinfección con catro operarios. E que agora, que comezan a limpar, que a xente protesta. Que pasou de ter tres operarios a ter dous barrendeiros e dous peóns de limpeza, porque foron dous meses de total paralización.

Uxío Cerecedo comenta que hai que insistir en facer campañas de sensibilización.

-Uxío Cerecedo comenta que están vendo que volven a medrar os eucaliptos que se cortaron cerca da ría, e que hai que esixir aos propietarios que os volvan a cortar.

O Alcalde comenta que ten razón e que tamén se están mandando ordes de limpeza de fincas. E que teñen que plantexarse adherirse ao Convenio coa Fegamp para a limpeza subsidiaria con Seaga, xa que este acordo entre a Xunta de Galicia e a Fegamp foi un avance.

-Uxío Cerecedo pregunta polo tema de que a praia da Concha non é apta para o baño. Que insisten todos os anos no saneamento, que hai informes feitos sobre este tema. E que rogan que acometan este problema.

O Alcalde explica que nese informe había un parágrafo que falaba dun “sistema caótico”, que na Avda. da Constitución que se fixo un saneamento onde se recollen bastantes puntos de verquido, e que agora mesmo se está a facer un traballo de limpeza de condutos na Solana, e que alí hai que facer unhas obras serias de saneamento xa que as tuberías se atopan desfeitas.

Engade Alberto Iglesias que o cruce de Balbís que non é tan problemático, pero ten varias acometidas que non funcionan, que se fixo alí unha obra dende o río Maguleiro para recoller todos os verquidos.

-As beirarrúas do Sagrón atópanse en moi mal estado., di Uxío Cerecedo.

Alberto Iglesias resposta que estes días están traballando alí pero que requiren unha obra.

M^a José Fraguela comenta que están así polos camións que pasan por alí.

Uxío Cerecedo di que o seu grupo pide un proxecto para esa rúa que non se realizase con baldosas, con outros materiais máis modernos, como existen noutros Concellos.

Alberto Iglesias comenta que non se pode porque se hai tuberías debaixo resulta necesaria a baldosa.

Uxío Cerecedo di que se poden baraxar outras opcións, como en outros sitios.

-En qué punto está o Plan Xeral de Ordenación Municipal., pregunta Uxío Cerecedo.

O Alcalde di que a modificación puntual número tres está case rematada pero que tiveron un contratempo curioso, que a Administración do Estado, a través de Costas, que pediu a tradución ao castelán de toda a modificación. Que tamén houbo outra cuestión que descubriron os técnicos, que dende as fotos aéreas as cornisas das casas que daban unha imaxe enganosa das rúas, e que ese defecto levaba a que moitas veces se dera unha disputa sobre o tema da aliñación. E que iso hai que correxilo.

O portavoz do Grupo Mixot roga que canto antes rematen con isto.

-Revisadas as Ordenanzas, pregunta Uxío Cerecedo se non se podería modificar a do mercado, xa que o mercado está moi desaproveitado, e que non sabe se o problema é que a Ordenanza é demasiado severa, xa que sería interesante que puideran darse os postos en tres días.

O Alcalde comenta que hai que sacar todo a subasta, e que non se poden realizar adxudicacións directas. Que o técnico fixo unha tasación do m2 para sacar todos os postos a subasta.

Uxío Cerecedo pide que se axilice este tema.

-Que falaran noutro pleno de modificar a Ordenanza de taxas para obra menor, xa que eran moi poucos cartos os que se recadaban, solicitaban suprimir taxas para pequenas obras en vivenda habitual (insiste Uxío Cerecedo).

O Alcalde dille que mirarán o tema.

-Pregunta Uxío Cerecedo se hai nova xuíza do Xulgado de Paz.

O Alcalde comenta que hai unha xuíza suplente e que se abre o xulgado tres días á semana. O Alcalde engade que hoxe pola mañá que comezou o procedemento para a designación dunha secretaria .

A portavoz do Partido Popular formula as seguintes PREGUNTAS:

-Pregunta se este ano haberá limpeza de pistas.

Alberto Iglesias resposta que a limpeza se fixo no mesmo prazo que todos os anos.

Ana Mª López dille que lle traslada o que din os veciños.

Alberto Iglesias engade que se desbrozaron 41 kms de pistas, como todos os anos, nos meses de xuño e xullo.

-Pregunta Ana M^a López pola posición que queren tomar con respecto á Lei de Costas, onde se ven afectados Concellos na zona das empresas.

O Alcalde comenta que neste Concello non afecta de maneira grave en ningún sitio, e que cren que en Cariño favorece máis do que perxudica. Engade que a Lei non está aprobada, que aínda está en trámite, e que na Fegamp están a tratar o tema para sacar unha postura consensuada e que o Estado revise a Lei a través da Femp, e que se plantexen as singularidades propias de Galicia.

-Pregunta Ana M^a López pola posición que se toma respecto á Lei que propón coller os remanentes dos Concellos.

O Alcalde explica que dende a Fegamp propoñían que se derogase a Lei Montoro do ano 2012, e que se invertisen os remanentes na localidade. Que o Estado non estaba de acordo e que unha Deputación moi concreta que non cumpría, pediu que se incautasen eses fondos e que se subsanasen os furados de quenes non cumprían.

Ao final propuxéronse varias solucións. Que se se ceden os remanentes, o Estado fixera unha incautación de 5.000 millóns a 2 anos e 9.000 devolvelos en dez. Que se negociou que se se ceden os remanentes, que non se devolverán e que se entrará nun fondo perdido de 5.000 millóns. Ao final amplían o listado de cousas onde se poden aplicar os cartos, a cambio de que os Concellos entren no reparto da tarta europea, e que ademáis, que cando os cartos volvan, que non computen para a regra de gasto. Que neste senso, que non perxudica pero que non están de acordo en que se fixese para tapar a débeda de certas Deputacións e Concellos. Que na Fegamp se chegou a certo consenso para sacar esta postura adiante, e que parte deses cartos tamén se poidan meter en servizos sociais.

Uxío Cerecedo pide que cando se retrasen os plenos que se avise con antelación.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo.- José M. Alonso Pumar

Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez